

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 21.01.2020 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 61476 (10/CPC-000124)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Política Lingüística, per petición propia, para informar do Balance anual sobre a Lei de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía e balance das reclamacións sobre o uso das linguas oficiais na administracións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 590, do 15.01.2020

Punto 2. Pregunta oral

- 2.1 60273 (10/POC-009363)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as previsións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para posibilitar a recuperación da oferta do ciclo formativo de grao medio de Emerxencias e Protección Civil no IES plurilingüe Antón Losada Diéguez, da Estrada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 58979 (10/PNC-004694)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e 3 máis
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de patios escolares de recreo inclusivos e coeducativos a prol da igualdade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- 3.2 60579 (10/PNC-004838)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a intención da Xunta de Galicia de eliminar o Bacharelato na Universidade Laboral sita no concello de Culleredo, así como as actuacións tendentes a equipar os IES do concello de Culleredo das instalacións necesarias establecidas por Lei para dar cobertura a todo o alumnado actual



e máis o previsto para o futuro e dotar á zona rural de Culleredo dun centro que imparta a ESO

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 584, do 07.01.2020

3.3 61106 (10/PNC-004862)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para efectuar unha modificación orzamentaria co fin de aumentar os fondos dedicados pola Xunta ao financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia e o mantemento dun convenio estable ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 587, do 10.01.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Antonio
Mouriño
Villar

Firmado digitalmente por
Antonio Mouriño Villar
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Antonio Mouriño
Villar,
email=antonio.mourino.villa
r@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2020.01.15 13:43:00
+01'00'



Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2020 13:43:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 15/01/2020 14:02:28
Nº Rexistro: 18580
Data envío: 15/01/2020 14:02:28.390

CSV: REXISTROVdaaVzca7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Antonio Mouriño Villar	P
Vicepresidenta	
Teresa Egerique Mosquera	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	GCE

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 61476(10/CPC-000124)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Do secretario xeral de Política Lingüística, per petición propia, para informar do Balance anual sobre a Lei de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía e balance das reclamacións sobre o uso das linguas oficiais na administracións

Publicación da iniciativa, 590, 15.01.2020



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª Educación e Cultura- do secretario xeral de Política Lingüística para informar do **Balace anual sobre a Lei de aproveitamento da lingua portuguesa e vinculos coa lusofonia e balace das reclamacións sobre o uso das linguas oficiais na administración.**

Santiago de Compostela,.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Unión e traballo: XUNTA DE GALICIA 13/01/2020

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2. Pregunta oral

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 60273(10/POC-009363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as previsións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para posibilitar a recuperación da oferta do ciclo formativo de grao medio de Emerxencias e Protección Civil no IES plurilingüe Antón Losada Diéguez, da Estrada

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Na Comisión 4ª de Educación e Cultura celebrada o día 6 de setembro de 2019 este grupo parlamentario formulaba unha pregunta sobre os motivos polos que, na adxudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, ofertado no IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada e que se fixera pública o día 16 de xullo de 2019, non había ningunha praza adxudicada.

Esta pregunta formulábase logo de que este ciclo formativo, pertencente á familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente se ofertase na comunidade autónoma de Galicia, segundo se establecía na Orde do 13 de xuño de 2019 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20 (DOG do 21 de xuño de 2019), nun único centro público: o IES plurilingüe Antón Losada Diéguez (A Estrada).

Ademais da exclusividade da oferta, esta facíase nun entorno tan acaído como é o do concello da Estrada, que conta coa presenza da sede da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e da Academia Galega de Seguridade Pública.

Segundo a resposta dada polo director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, como consecuencia da entrada en vigor do *Real decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local* produciuse un incremento das xubilacións dos integrantes dos corpos das policías locais dos distintos concellos de Galicia, o que supuxo que a Academia Galega de Seguridade Pública tivese que dedicar a súa capacidade a formar aos novos integrantes deses corpos, non podendo asumir a colaboración establecida coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na impartición do ciclo formativo de Emerxencias e protección civil.

Resulta do máximo interese coñecer cales son as previsións temporais para que este ciclo formativo, único en Galicia como se dixo, poida ser impartido de novo.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2019 12:16:37
Nº Registro: 60273
Data envío: 19/12/2019 12:16:37.626

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que previsións manexa a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que o ciclo formativo de grao medio de Emerxencias e protección civil poida volver a ofertarse no IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada?

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/12/2019 12:14:19

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/12/2019 12:14:31



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 58979(10/PNC-004694)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e 3 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de patios escolares de recreo inclusivos e coeducativos a prol da igualdade

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58979
Data envío: 18/11/2019 19:42:51.543

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quintero Araújo e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 4.^a, sobre o desenvolvemento dun plan de patios inclusivos e coeducativos

Exposición de motivos

Partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, é imprescindible reforzar o papel das mesmas e do profesorado a prol da igualdade. Neste senso, a escola debe converterse no principal axente a prol da igualdade, espazo no que se combatan os estereotipos e roles que fomentan a desigualdade de xénero, e no que se traballe no respecto e inclusión da diversidade.

Malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos de educación en igualdade, resultan insuficientes, esporádicos e moitas veces dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas.

Un dos aspectos de desigualdade sobre os que se ten reflexionado nos últimos tempos é o que afecta ao uso dos espazos. Neste senso, unha escola verdadeiramente inclusiva e igualitaria require que os espazos, servizos, procesos, materiais e produtos podan ser utilizados por todo o alumnado sen ningún tipo de discriminación e se incorporen as condicións que aseguren a accesibilidade física, cognitiva, sensorial e emocional.

CSM-REXISTROELEI2019
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58979
Data envío: 18/11/2019 19:42:51.543

Se falamos dos patios educativos e de recreo, lugar na que as nenas e nenos pasan, de media, unhas 525 horas ao ano, é evidente que o espazo central está ocupado, maioritariamente, polos campos de xogos de pelota, nos que se concentran, maioritariamente, os nenos, deixando ás nenas arrinconadas en lugares secundarios.

Para reequilibrar estes usos diferenciados, están xurdindo diversas iniciativas consistentes na redistribución de zonas nos patios, diferenciando contornas e democratizando o espazo. Deste xeito, en determinados proxectos resérvase unha zona para xogos de pelota, pero tamén outras para outros usos; habílanse zonas verdes e hortos educativos; píntanse no chan 'taboleiros' para xogos tradicionais como a mariola, o tres en raia, as carreiras de chapas, o fútbol con chapas, o twister... convertendo o patio nun lugar de lecer pero tamén de aprendizaxe, a través de xogos inclusivos e non excluíntes.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver un plan de patios escolares inclusivos e coeducativos a prol da igualdade de xeito que se aposte por xogos que promovan a convivencia, a inclusión e un uso dos espazos igualitarios.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Paula Quinteiro Araújo

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58979
Data envío: 18/11/2019 19:42:51.543

Marcos Cal Ogando

Vicevoceira e deptadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/11/2019 19:32:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/11/2019 19:33:01

Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2019 19:33:14

Marcos Cal Ogando na data 18/11/2019 19:33:24



CSV: REXISTROEIdFVzq8

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 60579(10/PNC-004838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a intención da Xunta de Galicia de eliminar o Bacharelato na Universidade Laboral sita no concello de Culleredo, así como as actuacións tendentes a equipar os IES do concello de Culleredo das instalacións necesarias establecidas por Lei para dar cobertura a todo o alumnado actual e máis o previsto para o futuro e dotar á zona rural de Culleredo dun centro que imparta a ESO

Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2019 09:56:44
Nº Rexistro: 60579
Data envío: 27/12/2019 09:56:44.290

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, por medio da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, ven de trasladar a súa intención de eliminar o bacharelato da Universidade Laboral para o próximo curso.

Esta medida, implicaría a fin dunha excelente traxectoria da sección dun centro que se fixo un nome ó longo dos anos con esforzo e traballo ben feito e tamén co concurso dunhas instalacións que poden presumir de cumprir as esixencias do art. 26 do Real Decreto 1004/1991, sen par noutros centros de Culleredo, e que conta con recursos para impartir máis liñas de bacharelato, podendo ampliar así a súa oferta de especialidades, incrementando os servizos que xa presta a toda a comarca e máis alá das Mariñas.

Os laboratorios, esixidos por Lei, contan con aula anexa, o que permite unha dinámica didáctica excelente. A biblioteca, conta cun apartado de

CSM-REXISTRO CZF4TECB2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2019 09:56:44
Nº Rexistro: 60579
Data envío: 27/12/2019 09:56:44.290

traballo en equipo. As aulas teñen un tamaño que envexan profesores doutros centros.

O alumnado actual, escolleron o centro libremente, algúns alumnos proceden dos centros da ESO de Culleredo elixindo mudar de centro co cambio de ciclo malia poder ter seguido no que cursaron a ESO.

O incremento de matrícula no primeiro curso foi do 300% respecto ao anterior.

Ademais, e por se fora pouco o xa dito, a eliminación de bacharelato, segundo o plan da Consellería, supoñería o traslado ao edificio das Mariñas, que alberga as instalacións de Marítimo-Pesqueira para deixarlle o sitio ao que se pretende facer. As instalacións de Marítimo-Pesqueira, teñen unhas equipacións moi especiais, nas que se formaron os patróns e motoristas de toda a Costa da Morte entre outras zonas de tradición pesqueira. É incerto como pasarían a ser, despois do traslado, e é unha falacia que o edificio estea “baleiro” como se transmitiu á opinión pública. Trátase dunha especialidade a manter e reforzar para dar alento a un sector económico estratéxico do país.

En resumo, están proponendo desmontar unhas instalacións que funcionan e compren cos requisitos legais, para un destino incerto. E pretenden mover o módulo de Marítimo Pesqueira desde unhas instalacións valiosísimas a unhas inadecuadas.

Culleredo é un concello de 30.000 habitantes limítrofe coa cidade da Coruña. É un concello que medrou demograficamente desde os anos 80 nos que tiña 13000 habitantes ata a actualidade no que segue medrando, por natalidade e por recepción de inmigración, da cidade, do país e do exterior. O proxecto do PXOM





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2019 09:56:44
Nº Registro: 60579
Data envío: 27/12/2019 09:56:44.290

contempla que Culleredo medre varios miles de habitantes e vai precisar máis centros, non eliminalos.

Os datos demográficos do IGE desmenten a outra gran falacia. Que estamos diante dun “pico” demográfico. Estamos pois diante de medidas de política educativa de urxencia que constatan a incompetencia e improvisación de parte dunha consellería que non fai prospección e non planifica convenientemente para atender as necesidades da cidadanía.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Comisión :

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

Desistir da súa proposta de eliminación do Bacharelato na Universidade Laboral sita no concello de Culleredo.

Que se proceda a equipar os IES do concello de Culleredo instalacións necesarias establecidas por Lei para dar cobertura a todo o alumnado actual e máis o previsto para o futuro.

Que se dote á zona rural de Culleredo dun centro que imparta a ESO”

CSX REGISTRO CZF-TEO.062
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/12/2019 09:56:44

Nº Rexistro: 60579

Data envío: 27/12/2019 09:56:44.290

Santiago de Compostela, 27 de decembro do 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/12/2019 09:45:57

Xosé Luis Bará Torres na data 27/12/2019 09:46:08

María Montserrat Prado Cores na data 27/12/2019 09:46:18

Noa Presas Bergantiños na data 27/12/2019 09:46:27

Olalla Rodil Fernández na data 27/12/2019 09:46:36



CSV REXISTRO CZF-TEO.9B2

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2019 09:56:44
Nº Registro: 60579
Data envío: 27/12/2019 09:56:44.290

Ana Pontón Mondelo na data 27/12/2019 09:46:45

CSX: REXISTROCFE-TEO9B2
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 61106(10/PNC-004862)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para efectuar unha modificación orzamentaria co fin de aumentar os fondos dedicados pola Xunta ao financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia e o mantemento dun convenio estable ao respecto

Publicación da iniciativa, 587, 10.01.2020



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Orquestra Sinfónica de Galicia é unha das mellores orquestras do Estado.

Compoñen a orquestra setenta e nove instrumentistas, a quen se suman outras tantas da Orquestra Xoven e rapaces e rapazas da Infantil, ademais de oitenta e cinco persoas do Coro da Sinfónica, outras tantas do Coro Xoven e do Coro Infantil. Súmanse ademais vinte persoas da equipa técnica e administrativa.

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, onde ten a súa sede, participa a nivel internacional nas mellores salas e ciclos de concertos.

O seu financiamento corre a conta do Concello da Coruña, Xunta e Deputación.

Un grupo de persoas amigas da Orquestra Sinfónica de Galicia na Coruña está a promover unha campaña perante a Xunta solicitando máis fondos para esta entidade, dado que dende 2009 se reduce a achega da Xunta á orquestra. Deste xeito, denuncian que a Xunta deixou de ingresar uns 5 millóns de euros dende 2009, o que fixo cancelar proxectos.

Así, a Xunta leva dende 2010 sen cumprir o pacto de financiamento da OSG, pois dende 2011, o Departamento de Cultura destina menos de tres millóns de euros, que era a cantidade mínima conveniada dende 2005, e en 2020 quédase en 2,7 millóns.

O propio Director da OSG, Dima Slobodeniouk, advertía da situación de perigo na que se atopa a formación, indicando que co Orzamento actual non se pode





planificar. Así as cousas, coa redución orzamentaria da Xunta ponse en perigo a viabilidade da OSG.

A Orquestra Sinfónica de Galicia supón un enorme valor cultural para a cidade da Coruña, con milleiros de persoas que cada tempada acoden aos seus concertos (máis de 43.500 na última tempada), con milleiros de alumnos e alumnas dos colexios e institutos que poden presenciar os ensaios da Orquestra e cunha programación de gran calidade, premiada e recoñecida co feito de que a súa canle de YouTube sexa a máis vista do sector no Estado e unha das máis visitadas en Europa.

Que a Coruña e Galiza conten con esta Orquestra supón, ademais, un elemento esencial de cultura e formación musical de primeiro nivel.

A situación da Orquestra Sinfónica de Galicia é de sobra coñecida pola Xunta, tanto a través do Concello da Coruña no presente e anterior mandato como por parte de amigos e amigas da OSG que lle trasladaron misivas ao Conselleiro de Cultura.

Polo exposto, a deputada que subscribe, pertencente ao Grupo Parlamentario Mixto, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Habilitar unha modificación orzamentaria para aumentar, xa neste 2020, os fondos dedicados pola Xunta á Orquestra Sinfónica de Galicia ata superar os tres millóns de euros.
- Comprometer unha financiación estable anual á OSG, respectando o convenio de financiación de 2004 e contemplando o deixado de percibir dende 2011.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2020 13:57:11
Nº Registro: 61106
Data envío: 08/01/2020 13:57:11.657

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/01/2020 13:56:17

Luis Villares Naveira na data 08/01/2020 13:56:28

CSX: REXISTRO086vF-cCapEB
Vázquez Verao
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

